



Biografía

Día das letras galegas 2021




XELA ARIAS CASTAÑO



LETRAS GALEGAS 2021

BIOGRAFÍA

A INFANCIA EN SARRIA



Xela Arias Castaño naceu oficialmente na Granxa de Barreiros, en Ortoá, no concello lucense de Sarria un 4 de marzo de 1962.

Era a primoxénita de Valentín Arias, mestre na escola de Barreiros e Amparo Castaño, que traballaba no comedor escolar do mesmo centro. Segundo o publicado por Xaime F. López Arias, Cronista Oficial de Sarria, Xela naceu en realidade na cidade de Lugo pero un médico amigo da familia certificou que nacera en Sarria.



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

No colo da súa nai, Amparo Castaño, en 1962.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, nome elixido polo seu padriño, pois daquela non estaban permitidos os nomes en galego.

A pesares de todo a rapaza foi coñecida por familiares e amigos co nome de Xela ou Xeliña.

Os seus tres primeiros anos de vida pasounos na Granxa Escola de Barreiros, trasladándose despois á Granxa Arxeriz en Lugo, onde foi destinado seu pai.

No Colexio Fingoi cursará infantil (nos cursos 1966-67 e 67-68) e o 1º curso de primaria (1968-69), o mesmo centro escolar que un ano antes dirixira Ricardo Carvalho Calero.

Nas Festas Patronais de San Xoán de Sarria, seu pai publica nun folleto o texto «Xeliña fala galego» e a partir de aí comeza a ser coñecida por Xela.



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Xela Arias, na Granxa Barreiros, en Ortoá, Sarria (Lugo)

Destínase a Valentín como mestre á Escola Nacional Graduada de Sárdoma-Moledo en Vigo, destino que implica un novo traslado da familia e un cambio de centro para a rapaza, que pasa a estar matriculada na escola de seu pai, onde cursará todo o resto do ensino primario (cursos 1969-70 a 1975-76).

A súa inclinación pola escritura estivo presente xa dende moi nova. Segundo palabras de Amparo, a nai, estaba sempre escribindo contos imaxinarios. En 1973, cando Xela tiña once anos *La Voz de Galicia* publicou un debuxo seu que ilustraba un conto de Guillermo Rojo, *O neno invisíbre*.

Ese mesmo ano vai ganar o Primeiro Premio do Concurso de Contos Infantís O Facho da Coruña, co relato *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdicia*. Este texto foi publicado polo xornal *La Voz de Galicia* con debuxos de Manolo e Paulo, fillos de Manuel Caamaño, daquela presidente de O Facho.

Unha vez rematados os estudos de primaria ingresa no Instituto Castelao de Vigo, un centro de estudos mixto; toda unha novidade naquela época cando os centros estaban separados para rapaces e rapazas.

Neste instituto cursou os tres anos de bacharelato, renunciando a examinar-se, en 1980, do Curso de Orientación Universitaria, o que lle imposibilitou poder entrar a estudar unha carreira universitaria.




FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Con seus pais Valentín e Amparo e os seus irmáns Xoán Carlos e Marcos



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

En Vilerma, Sarria (Lugo) cos seus irmáns.



Cando Xela rematou os estudos de bacharelato en 1980, entrou a traballar como administrativa en Edicións Xerais de Galicia.

Foi contratada polos seus coñecementos do idioma galego, tanto a nivel oral como escrito.

Nesta empresa traballou tamén no Departamento Editorial, nos apartados de Creación e Investigación durante oito anos, pasando posteriormente a exercer funcións de correctora de estilo e editora das Coleccións Xerais Universitaria e Biblioteca de Autores Galegos. Durante todo este período de tempo non deixou de participar en diferentes recitais e festivais poéticos así como na publicación de poemas en xornais e revistas galegas, *Dorna*, *A Nosa Terra*, *Neboeira*, *Faro de Vigo*, *Carel*, *Treboada*, *Tintimán*...

É significativa a súa participación no Festival da Poesía do Condado, que se celebra anualmente no concello pontevedrés de Salvaterra do Miño, ao que Xela acudirá, case ininterrumpidamente desde 1983 ata 1992, e no que presenta os seus poemas inéditos.

En 1983 comeza a súa actividade como tradutora, pasando do castelán ao galego o libro *Caballum* de Carlos Oroza, que fora publicado por Edicións do Castro tres anos antes.



Xela Arias Castaño

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Edítase en Edicións Xerais o libro do portugués Jorge Amado *O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha historia de Amor*, coa tradución ao galego de Xela. O orixinal fora publicado no ano 1948.

A esta tradución seguiron moitas outras escritas en diferentes idiomas, principalmente en italiano e inglés.

Na tradución de *Contos ó teléfono*, de Gianni Rodari, editado en 1986 pola Editorial Juventud de Barcelona, Xela contou coa colaboración de Valentín Arias.

En 1990, en colaboración con Valentín Arias, Xavier Senín, A. Palacio, Xosefa S. Fernández e Xesús Senín traduce ao galego *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*, de Miguel de Cervantes, publicado por Xuntanza Editorial da Coruña.

Polo seu traballo como tradutora recibiu o *Premio de Tradução Sociedade de Lingua Portuguesa* en Lisboa e o Ramón Cabanillas, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia pola versión ao galego de *O derradeiro dos mohicanos*.




Con *Contos ó teléfono* a Editorial Juventud de Barcelona, internouse no mercado literario galego.



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

PROFESORA DE INSTITUTO



Xela, despois de rematar o bacharelato, renunciou a presentarse ao exame do Curso de Orientación Universitaria, decisión que lle imposibilitou o paso á universidade.

En 1991, xa con case trinta anos, retoma os estudos e matricúlase na Facultade de Filoloxía Hispánica da Universidade de Vigo, rematando esta carreira cinco anos despois na Universidade de Santiago de Compostela. Nesta mesma universidade consegue o certificado oficial para poder exercer como profesora de instituto.

Non abandona o seu labor literario, participando en festivais de poesía, traducións e publicacións de poemas propios.

A Consellería de Cultura da Xunta de Galicia concedeulle unha subvención de 250.000 pesetas (1.500 euros) para publicar *Non te amola!*, con lembranzas da súa infancia. Unha edición que non chegou a realizarse no seu momento. En marzo de 2021, no ano no que Xela Arias é homenaxeada no Día das Letras, a editorial Galaxia publicou na súa colección *Libros para compartir* esta única obra narrativa da escritora. O texto vai acompañado polas ilustracións de Luz Beloso.



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

O último destino de Xela Arias como profesora foi no IES Álvaro Cunqueiro, de Vigo.

As traducións desta etapa son tamén importantes. Cunha delas, *O derradeiro dos mohicanos*, de Edicións Xerais de Galicia, acada o Premio de tradución Ramón Cabanillas (compartido con Darío Xoán Cabana) da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Os seus comezos como profesora substituta van ser no curso 1999-2000. A materia que vai impartir é a de Lingua Castelá e Literatura e durante ese curso percorrerá diferentes centros de secundaria galegos: Terra de Xallas (Santa Comba-A Coruña), Paralaio (Moaña,-Pontevedra), Valle-Inclán (Pontevedra), Xelmirez II (Santiago) e Valadares II (Vigo-Pontevedra).


En anos posteriores dará clases nos seguintes IES pontevedreses: Chapela en Moaña, A Sangriña na Guarda e, como último destino, no Álvaro Cunqueiro de Vigo.



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Xela Arias Castaño

A OBRA POÉTICA



En maio de 1982, Xela Arias publicou o seu primeiro poema, «Vin...» no número 3 da revista *Dorna*, editada pola Universidade de Santiago de Compostela. A partir desa data e desa publicación a produción poética levou un ritmo imparabile: publicacións en revistas e xornais, participación en festivais, recitais... colaborando moi activamente en mesas redondas, encontros de literatura, artigos de prensa... sen deixar de lado o seu traballo en Edicións Xerais como tradutora, correctora de estilo e editora dalgunha das coleccións Xerais Universitaria e Biblioteca de Autores Galegos.


O seu primeiro libro *Denuncia do equilibrio*, publicado en 1986 por Edicións Xerais, recolle os poemas que ao longo de dous anos foi publicando en diversas revistas literarias. Nestes poemas utiliza unha linguaxe cualificada como rupturista e a contracorrente da poesía galega daquel momento.

Tigres coma cabalos, o seu segundo libro, publicouse en 1990, tamén por Edicións Xerais, con fotos do que sería o seu marido, Xulio Xil.

O modo de traballo foi ben curioso: Xela e Xulio fixeron cada un 24 orixinais, unha fixo poemas e outro fotos. Intercambiaron entre eles os orixinais. Xela elaborou novos poemas e Xulio, dos poemas, elaborou novas fotografías. O resultado é un libro de 48 composicións sen pé de foto e de poemas sen ilustracións xa que se mesturaron imaxes e poemas.



En *Denuncia do equilibrio* recóllense os poemas escritos por Xela ao longo de dous anos.




Neste poemario Xela analiza a necesidade da persoa de amosarse diante dos demais, dun xeito sereo e equilibrado.

Nunha entrevista concedida a Montse Carneiro, con ocasión dunha exposición deste libro no Pazo de María Pita na Coruña, Xela definía así a súa poesía: «*Que nunca, nunca xamais, me diga alguén que non entende de poesía. A poesía non se entende, síntese ou non se sinte, faise ou non se fai*». O seu terceiro poemario, editado por Xerais en 1996, *Darío a diario*, está dedicado ao seu fillo Darío. O libro pon en evidencia os cambios que supoñen, para a vida cotiá dunha nai, a chegada dun fillo e a desidealización da maternidade, amosándonos a súa cara máis cotiá.

O seu último libro *Intempériome*, foi editado por Espiral Maior Poesía, de Edicións Espiral Maior da Coruña o 9 de xuño de 2003, só seis meses antes do seu falecemento. O poemario está estruturado en tres partes de extensión irregular e nas que reivindica a poesía como un espazo de liberdade. A intención que tiña Xela con esta obra era a de espirar a súa alma, sacándoa á intemperie, á rúa, ao aire libre...

Toda a súa obra vai quedar recollida en *Poesía reunida (1982-2004)*, un libro editado por Xerais Clásicos en 2018, con introdución e notas de María Xesús Nogueira Pereira.




En *Darío a diario*, que está dedicado ao seu fillo, Xela ofrécenos a súa experiencia coa maternidade.




Xela Arias con seu fillo Darío.

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

OS TEXTOS





VALENTÍN ARIAS LÓPEZ

A Xeliña é unha nena pizparrela. Que naceu nunha aldea, a carón da fermosa vila de Sarria. Vai xa para sete anos.

Os pais de Xeliña son galegos. O mesmo que a súa familia toda.

E consideraron moi natural falar coa súa nena na lingua galega que eles adoitan a cotío. A Xeliña, pois, dependeu a falar na lingua nai dos galegos.

Pese a que esta determinación dos pais de Xeliña non foi ben vista por moitos. Lémbrome moi ben dun día que estando os pais e a nena nun comerciucho da vila, ao decatarse que a nena falaba galego, moi afixida e compunxida, chea de lástimas pola nena e de noxos polos pais, escramou a tendeira:

-«¡Oh! ¡Y le hablan en gallego! ¡Que pena que no le hablen castellano. Con lo riquiña y fina que es la niña! Si fuese un niño, aún pasaba; pero enseñarle gallego a una niña tan guapa...»

O tempo foi pasando. Deica que a Xeliña tivo catro anos. Entón, seu pai fíxolle ver que cada pobo ten a súa lingua. E que cómpre coñecer moitas linguas para se entender con moita xente. En consecuencia, acordaron falar todos castelán perante uns días para que a nena dependera esta lingua; a máis da galega que xa coñecía. No entendemento que máis adiante farano igual ca francesa. E tamén con algunhas outras linguas.

Cando andaba nos cinco anos, a Xeliña emprincipiou a ir á escola como todos os nenos.



Xela, en Lugo, con Amparo, a súa nai e os seus irmáns Xoán Carlos e Marcos.

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Hoxe que xa anda nos sete como xa queda dito, prégalle a seu pai que merque contos para ela lelos. En galego e máis en castelán. Por certo que gusta moito dos nomeados: *A filla do rei, Graumillo, Polo mar van as sardiñas, Blanca Nieves, Ricitos de oro, Patito feo...*

Eu, que coñezo a esta nena dende que naceu, son testigo que neste intre -cos seus seis anos recién estreados- a Xeliña «domina» a lingua castelá como calquera outra nena (da súa idade, intelixencia e condición social semellantes) que falara sempre non máis que na lingua de Castela. E máis «domina» tamén a lingua galega de igual xeito.


Co que, eu entendo, non se atopa en inferioridade de condicións a Xeliña. Se non, máis ben, todo o contrario.

Por unha banda entenderase cos cento cincuenta millóns de persoas castelán falantes que somos no mundo. E entenderase, asemade, cos cen mil milleiros de portugueses e brasileiros, cuxa lingua nai é a portuguesa; ao cabo tan preo ista da galega aínda que entre portugueses e galegos non hai cuestións por mor da lingua.

Doutra banda, teño para min que a Xeliña é un pouco menos rutineira no adprendemento lingüístico do que os rapaces monolingües; pois está arreo a facer comparanzas entre as dúas linguas que ela coñece, reflexionando constantemente sobor delas.

E é ben sabido que é máis doado deprender unha nova lingua cantas máis linguas se coñecen. A quen fala sete idiomas cústalle menos traballo deprender o oitavo do que lle custa deprender o terceiro ao que fala tan só dous. E, por isto, a Xeliña que xa coñece dúas linguas -a galega e a castelá- tera unha pouca máis de facilidade para deprender outras que se coñecera nada máis que a lingua de Castela, poñamos por caso.

Ademais, sempre que non esquezamos que xustamente a lingua é o meirande logro colectivo dun pobo. Aquilo que lle dá carácter. O pobo que renunciase a súa lingua renunciaría ao seu mesmo ser. E conste que non é doado para ninguén conquistar o ser doutro. Polo que, quen renuncia a súa lingua normalmente renuncia a «ser».



E chegados aquí, eu prérgolles un favor: Non se teña o dito por louvanza ou defensa da noa lingua galega. Porque non é preciso. A lingua galega é dabondo louvada polos alleos que establecen contacto con ela. E xa que ela soíña se ten defendido ao longo dos moitos séculos en que foi obrigada ao silencio, anoxada e asoballada por todos, coido que lle sobran azos para sobrevivir por moitos séculos máis. Aínda que lles doa aos comodóns que laian por unha lingua universal, única, quen, dito sexa ao paso, non haberán de conseguir seu antoxo pois aínda que isa se dera, sería unha metalingua e por ela non poderían as linguas deixar de existir.

En vista do dito, nestes días de festa maior en Sarria preguémoslle ao San Xoán, noso padroeiro, que faga unha chisca de luz nos miolos de cantos galegos -por consideralo máis «fino»- privan aos seus fillos das recoñecidas e indubidabres ventaxas que ten para estes deprenderen a falar na lingua galega.


En Lugo, polo San Xoán de 1968



Valentín Arias escribiu este texto en 1968 nunha publicación das festas de San Xoán, en Sarria (Lugo). Un relato no que a súa filla Xela é a protagonista.



Edificio da Sociedade Cultural *La Unión*, de Sarria (Lugo)




1


Tódolos bebés son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos nenos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos mozos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son *tu* e ningún coma ti.
Tódas as nais son eu e todas, coma min, saben que es único.

2

Se andas a gatiñas formas a columna
e a planta dos pés;
se te alimenta ó meu peito medras san,
rexo e forte.
Se che falamos con tino, a modo
recompós termos e frases.
Se a luz non é moi forte
descansan os teus ímpetos de neno.
Se tes o ritmo da música has
rimar o aceno dos días.
Se estimulado, crearas o mundo sen que cho impoñan...

Canto sei! e, sen embargo,
que ananez perante tanta novidade
que ti agasallas a cada instante.





A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA

XELA ARIAS CASTAÑO (11 ANOS)

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo.

Pois ben, comecei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr. Ía a 200 por hora.

Ese coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, dixéronme que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000 (Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos xa sabe a onde dirixirse).



Cheguei a unha fraga. Pero esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales arroteáronme segundo cheguei. (Eran moi grandes, como xigantes). E un que estaba traxeado con camisa branca, levita negra e calzón froleado, díxome:

-Pirris, Pío-Pío, pos turistis exangos.

Que quere dicir: «Os Pío-Pío saúdan aos turistas estranxeiros».

Eu estirei a man para dicir «encantada de coñecelo». Pero el alargou a pata. E eu, asustada, preguntei:

-Que significa?

-Pío-Pío quer tristar paspa.

O que quere dicir: «Pío-Pío quere chocar as patas».

Eu estirei a miña perna e deille un bico. El quíxome dar o seu bico, pero co gran peteiro que tiña esganifoume a cara. Botei un berro:

-Ai!

Eles botáronse a rir a gargalladas.

Cando menos o pensaba eu chegaron dúas cegoñas e trouxéronme amorotes, laranxas e follas de árbores con cagallas de rato. Comín os amorotes e as laranxas.

Díxenlles que as follas de árbore con cagallas de rato non eran usadas na miña Terra para comer.

Logo, trouxéronme a caracocha dunha árbore e rubíronme a el botándome axiña polo ar para que voara eu. Naturalmente, caín no chan. Eles botáronse outra vez a rir a gargalladas.

O paxaro de levita negra, que era o xefe, díxome:

-Pavis exangos, sin ver aletegar.

Cousa que quere dicir: «Persoas estranxeiras non saben voar».

Eu díxenlles:

-Na miña Terra somentes voan os paxaros e os avións. As persoas non voamos; pois non temos ás. Penso que vostedes debíanse decatarse de que eu non teño esas plumas que así ensarilladas semellan mesmamente follas de rosas, que son as ás, e por iso non podo manterme no ar nin tan siquiera medio minuto. Agora, se vostedes me permiten, voume.

-Xes, xes -díxéronme eles- que quere dicir: «Si, si».

Mais, de súpeto, decateime que tiña desaparecido o meu coche.

Ai, meu coche queridiño! Custoume 100.000 pesetas e as pernas cansas de rubir ata o piso 100.000 con 100.000 escaleiras en cada piso. Ai, de mi! Lambóns: onde mo botaron?



Botei a correr e de repente aparecín na outra fraga. Esta chamábase a Fraga Leopardicia; poque estaba habitada por leopardos.

Todos estaba vestidos con mantos de cor amarela forte con pinturas mouras. Cando cheguei ao pé deles o máis grande plantouse diante miña e conducíume a unhas árbores e mandoume sentar, facéndome unha reverencia.

Eu senteime e el fixo o mesmo.

Unha fileira india de leopardos desfilou por diante miña chifrando por unhas gaitas feitas de ferraña. Logo pasaron leopardos e leopardas que máis tarde se axuntaron por parellas, e ao pasaren a carón nosa os machos abrían as súas bocas, amosaban os dentes branquísimos e afiadísimos e bruaban:

-Srrrrrr.

Cando rematou toda aquela requiloria conteille ao leopardo xefe o que me pasara antes de chegar eu a aquela fraga. El ofreceume dous leopardos para poñer debaixo dos meus pés para que me levaran ao meu coche. Porque estes leopardos tiñan moi bo olfacto e ao mellor acertaban con el.

Púxenme sobor deles como se foran uns patíns de patinar. E, correndo, nun instante, leváronme cabo do meu cochiño queridiño.

Funlle dar unha aperta de contenta e resulta que... aquel coche era de manteiga.

-Insultáronme! Ai, ai. Que farei de min?

Corrín e corrín ata chegar ao país dos magos. Petei en todas as portas. E ao cabo atopei un home que tiña gañas de traballar.

Conteille o que me acontecera pouco tempo antes.

-Eu, por medio da maxia, podó voltar o teu coche en coche normal.



como el era antes. E, se queres, tamén te podo poñer nun alustre aló na túa Terra.

-Grazas, meu amigo! Agradeceríao moito. Estes países non son do meu xeito.

Fomos ao lugar onde quedara o coche feito unha beluga de manteiga.

O mago dixo:

-Cam, pas, titus leirocus lustus. Jéper!

E eu aparecín na miña casa.

Cando ía fora da miña casa para ir cabo duns amigos de meu a contar todo o que me acontecera... Espertei!

Resulta que todo fora un sono. Que desilusión!


Primeiro premio na sección Contos de nenos do VI Concurso de Contos Infantís O Facho, patrocinado pola entidade «Caja de Ahorro-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo».

Publicado en La Voz de Galicia o 3 de febreiro de 1974, con ilustracións de Paulo e Manolo Caamaño.



Xela Arias Castaño

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS



Devala a lúa
polo incenso
dos meus sentidos

devala o tempo
e os espaciados


deválome

achego así
o bico do todo

Faro de Vigo (5/7/1984)



Poesía dispersa
(1982-2004)




*As tres deusas: a leona, a loba e a lagarta.
Acaso non podemos ser deusas?
Hai deusas cazadoras e deusas campesiñas.
As primeiras son amazonas, as segundas son bruxas.*

1

Tenso inunda o ruxir da besta
felina
cando, máis alá dos ollos
anuncia o festexo das fontes
e os cervos pálidos

Así presaxia o ventre
o húmedo latexar
das túas brancas asas
polas areas extensas.



FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Xela Arias Castaño



2

Teñen os ollos grises
da loba
o fulgor do fósforo,
a finura da fibra tensa
e a viaxe cambada da frecha.

Ulisquea esquisita
un aroma leve no ar
de pelexo quente e tremeroso
que chimpa, descuidado
e brandísimo
polas lameiras frescas.
Así latexa o meu ventre esmeralda,
axexando ávido
o docísimo crepitar da vida,
que tan cálida se agacha
no ouro calmo das tardes.

3

Son a lagarta na pedra.
O bandullo farto
latexa fondo e lentamente.
Durmo baixo o sol,
os ollos sen párpados
e sempre abertos.
É mediodía.




Xela coa sua nai, Amparo e os seus irmáns Xoán Carlos e Marcos, en Lugo.

FONTE: ARQUIVO FAMILIAR XELA ARIAS

Festa da palabra silenciada 4 (1987)

Poesía dispersa
(1982-2004)



AS BRUXAS ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

COMO RECOÑECER A UNHA BRUXA

A noite seguinte, despois de bañarme, a miña avoa levoume outra vez ao salón para contarme outra historia.

-Esta noite -dixo a vella-, vouche contar como recoñecer a unha bruxa en canto a vexas.

-Pódese estar sempre seguro? -preguntei.

-Non -dixo ela-, non se pode. Ese é o problema. Pero pódese intentar adiviñalo bastante ben.

Deixaba caer a cinza do su puro no colo, e eu esperaba que non prendese lume antes de que me contase como recoñecer a unha bruxa.

-De primeiras -dixo ela-, unha BRUXA VERDADEIRA levará sempre, seguro, luvas cando estás con ela.

-Seguramente *non sempre* -dixen eu-. Que pasa no verán, cando vai calor?

-Mesmo no verán -dixo a miña avoa-. Ten que levalas. Queres saber por que?

-Por que?

-Porque non ten unllas. No canto de unllas, ten gadoupas finas e curvadas, coma un gato, e leva as luvas para agachalas. Pero moitas mulleres



respectables levan luvas, especialmente en inverno, así que isto non che vai axudar moito.

-Mamá adoitaba levar luvas -dixen eu.

-Non na casa -dixo a miña avoa-. As bruxas levan luvas ata na casa. Só as quitan para deitarse.

-Como sabes todo iso, avoa?


-Non interrompas -dixo ela-. Ti acéptao e namais. O segundo que tes que lembrar é que as BRUXAS VERDADEIRAS son sempre calvas.

-Calvas?

-Calvas como un ovo cocido -dixo a miña avoa.

...





AS BRUXAS ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

IMOS TRABALLAR

Aquela noite a miña avoa ceou namais unha tortilla cunha rebanda de pan. Eu ceei un cacho dese queixo noruego moreno de leite de cabra que se chama *gjetost*, que xa me gustaba mesmo cando era un neno. Comemos diante do lume, a miña avoa na súa butaca e eu riba da mesa, co meu queixo nun pratiño.

-Avoa -dixen-, agora que xa nos desfixemos da Gran Bruxa, desaparecerán gradualmente todas as demais bruxas do mundo?

-Estou segura de que non -contestoume.

-Parei de mastigar e olleina.

-Pero *teñen* que desaparecer! -berrei-. Seguro que si!

-Coido que non -dixo ela.

-Pero se ela xa non está aquí, como han conseguir todos os cartos que necesitan?

E quen lles vai dar ordes e animalas nos Congresos Anuais, e inventar todas as fórmulas máxicas?



-Cando morre unha abella raíña, sempre hai outra raíña na colmea, preparada para tomar o seu posto -dixo a miña avoa-. O mesmo ocorre coas bruxas. No cuartel xeral onde vive a Gran Bruxa, hai sempre outra Gran Bruxa lista para asumir o poder en caso de que lle sucedese algo.

-Ouh, non! -berrei-. Iso significa que todo o que fixemos non serviu de nada! Convertinme en rato para nada?


-Salvamos a todos os nenos de Inglaterra -dixo ela-. Eu non lle chamaría a iso nada.

-Xa sei, xa sei! -berrei-. Pero iso non abonda! Eu estaba seguro de que todas as bruxas do mundo irían desaparecendo a modiño logo de desfacermonos da súa xefa! E ti disme que todo vai seguir coma antes!

...



BURLA NEGRA



Marea miseria invade global Galicia.
Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

«Mar de fondo, capitán».
A velocidade do vento é nada
se deciden as pantasma.

Never more, never more, never more.


No lombo
a miseria do hábito domeado.
As maquinarias do acougo anoian
as lindezas dos conformes.

Burla negra. Nunca máis.

Intempéiate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Dignidade.
Velaí tes a histórica batalla.



Poema de Xela Arias publicado en Faro de Vigo o 29 de agosto de 2003.



DRÁCULA BRAM STOKER

Introducción e tradución: Xela Arias

DIARIO DE JONATHAN HARKER (Notas taquigráficas)


3 de maio, Bistritz. Saín de Munic ás 8,35 da tarde o un de maio e cheguei a Viena nas primeiras horas da mañá seguinte; debería chegar ás 6,46, pero o tren viña cunha hora de atraso. Budapest parece unha cidade marabillosa, xulgando polo que puiden enxergar desde o tren e mais polo curto paseo que dei polas súas rúas. Non me atrevín a me afastar demasiado da estación, pois que chegamos tarde e habíamos partir o máis cerca da hora sinalada que fose posible. A impresión que recibín foi que estabamos saíndo de Occidente e internándonos no Oriente. A máis occidental das espléndidas pontes que cruzan o Danubio, que aquí acada unha profundidade e anchura verdadeiramente nobres, mergullounos nas tradicións dos dominios turcos.



Partimos bastante ben de tempo, e chegamos logo da anoitecida a Klausenburg. Parei, para pasar a noite, no hotel Royal. De xantar, ou máis ben de cea, tomei un polo un pouco forte, adobado con pemento; era moi bo, pero deume moita sede. (Teño que pedirlle a receita para Mina). Pregunteille ao camareiro, e dixo que se chamaba *paprika kendl*, e que, como era un prato nacional, podería tomalo en calquera outro lugar dos Cárpatos. Aquí fóronme moi útiles os meus escasos coñecementos de alemán; de feito, non sei que había facer sen eles.

No tempo libre durante a miña estadía en Londres visitei o Museo Británico, e na biblioteca consultei libros e mapas relacionados con Transilvania.





CONTOS AO TELÉFONO

GIANNI RODARI

Tradución: Xela Arias

Brif, bruf, braf

Dous nenos, na paz dun patio, xogaban a inventar unha lingua especial para poderen falar entre si sen que os entendese ninguén.

-Brif, braf -dixo o primeiro.

-Braf, brof -contestou o segundo.

E botaron a rir.

Nun balcón do primeiro andar estaba un velliño bo a ler o xornal, e debruzada na fiestra de enfrente había unha velliña nin boa nin ruín.

-Son ben parvos eses nenos -dixo a muller.

Mais o bo do home non concordaba:

-A min non mo parecen.

-Non me vai dicir que entendeu o que dixeron...

-Pois si, entendino todo. O primeiro dixo: que bonito día. O segundo contestou: mañá será máis bonito aínda.

A muller enrugou o nariz, mais ficou calada: porque os nenos puxéronse a falar de novo na súa lingua.

-Marasqui, barasqui, pipirimosqui -dixo o primeiro.

-Bruf -respondeu o segundo.


E romperon a rir de novo os dous.


-Non me irá dicir que entendeu agora tamén -exclamou alporizada a velliña.

-Pois agora tamén entendín todo -retrucou, sorrindo, o vello-. O primeiro dixo: que felices somos por estar no mundo. O segundo respondeu: o mundo é fermosísimo.

-Pero, é fermoso de veras? -insistiu a vella.

-Brif, bruf, braf -contestou o velliño.





O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR JORGE AMADO Tradución: Xela Arias


A estación da primavera



ANDO a Primavera chegou, vestida de luz de cores e de alegría, arrecendente de perfumes sutís, desabotoando as flores e vestindo as árbores de roupaxes verdes, o Gato Gaiado estalicou os brazos e abriu os ollos pardos, ollos feos e malos. Feos e malos, na opinión xeral. Ademais, dicían quen non só os ollos do Gato Gaiado reflexaban maldade senón todo o seu corpazo forte e áxil, de raias amarelas e negras. tratábase dun gato de idade media, xa distante da primeira xuventude, cando amara o correr por entre as árbores, vagamundear nos tellados, miañádo-lle á lúa chea cancións de amor, certamente picarescas e desvergonzadas. Ninguén podía imaxinalo entoando cancións románticas, sentimentais.



CRONOLOGÍA



PUBLICACIONES

BIBLIOGRAFÍA



1962

Nace o 4 de marzo. Inscríbese o seu nacemento na Granxa Barreiros, en Ortoá, Sarria (Lugo) onde era mestre de primaria seu pai e encargada do comedor escolar a súa nai.

Era a primoxénita de Amparo Castaño e Valentín Arias.

Foi inscrita no Rexistro Civil de Sarria co nome de María de los Ángeles.



Xela en Vilerma, Sarria (Lugo) cos seus irmáns pequenos Lois e Sabela.

1965

A familia trasládase a Lugo ao pasar seu pai a traballar na Granxa Arxeriz.

1966

Ingresa no colexio Fingoi, en Lugo, onde vai cursar infantil (1966-67 e 1967-68) e primeiro de primaria (1968-69).



No colexio Fingoi, en Lugo, Xela cursou infantil e 1º de primaria, de 1966 a 1969.

1969

Valentín é destinado como mestre na Escola Nacional Graduada de Sárdoma, en Moledo (Vigo) e a familia pasa a vivir en Vigo.

Neste centro Xela completará o ensino primaria, que rematará no curso 1975-76.

1972

Escribe o relato *A pobreza e a negrura da aldea*.

1973

Ilustra un conto no xornal coruñés *La Voz de Galicia*.

Gaña o Primeiro Premio do VI Concurso de Contos Infantis O Facho, da Coruña, co conto titulado *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardi-cia*.

1976

Ingresa no Instituto Castelao, de Vigo. Cursa o bacharelato (1976-77 e 1978-79). Renuncia a examinarse do Curso de Orientación Universitaria (1979-80).

1980

Entra a traballar de administrativa en Edición Xerais de Galicia, polos seus coñecementos do galego escrito e falado.

1982

En Edicións Xerais pasa a traballar no Departamento Editorial na sección de Creación e Investigación.

Publica «Poemas de Xela Arias», no xornal *A Nosa Terra*, de Vigo.

1983

Participa por vez primeira no III Festival da Poesía no Condado, en Salvaterra do Miño (Pontevedra).

1984

Cambia o seu nome, María de los Ángeles, polo seu equivalente en galego: María dos Anxos. Non consegue que lle sexa recoñecido o de Xela.



O conto de Xela foi publicado no xornal *La Voz de Galicia* o 3 de febreiro de 1974.



Debuxo de Xela publicado no xornal *La Voz de Galicia* en 1973.



A participación de Xela no Festival da Poesía no Condado foi unha constante a partir de 1983.

1985

Propón a edición de *O gato Malhado e a andoriña Señá: Unha Historia de Amor*, do brasileiro Jorge Amado.

1986

Ingresa na Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Publícase por Edicións Xerais de Galicia *O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor*, de Jorge Amado e coa tradución de Xela Arias.

Edítase o seu poemario *Denuncia do equilibrio*.

Edítase pola Editorial Juventud, de Barcelona *Contos ao teléfono*, de Gianni Rodari, coa tradución de Xela en colaboración con Valentín Arias

1987

Outórgaselle o «Premio de Tradução Sociedade de Lingua Portuguesa» en Lisboa.

Edítase por Edicións Xerais de Galicia, na colección Xabarin, *O bosque animado* de Wenceslao Fernández Flórez, coa tradución de Xela Arias.

1988

Inscríbese en Greenpeace.

1989

Publicación por Xerais de *As bruxas*, de Roald Dahl, traducido ao galego por Xela Arias e Lidia Iglesias Izquierdo.

1990

Publicación dun novo libro de poesía, *Tigres coma cabalos*, con fotos de Xulio Xil Rodríguez e editado por Xerais.



Edición de *Dublineses*, de Joyce, coa tradución de Xela Arias, Débora Ramonde e Rafael Ferradás en Xerais de Galicia.

Publica o conto *Que si que si*, no libro *Contos eróticos/Ela*. Edicións Xerais de Galicia, na colección Grandes do noso tempo.

Publicación dos cinco primeiros volumes da serie *Franka*, de Kuijpers, banda deseñada traducida por Xela e M^a Xesús Lameiro, en Edicións Xerais de Galicia.

Edítase *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*, de Miguel de Cervantes, tradución ao galego de Xela, Valentín Arias, Xavier Senín, A. Palacio, Xosefa S. Fernández e Xesús Senín e publicado por Xuntanza Editorial de A Coruña.



Xela Arias Castaño

1991

Comeza os estudos de Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo.

1992

Casa con Xulio Xil Rodríguez.


1993

Edítase por Xerais de Galicia, na súa colección Xabarín, *O derradeiro dos mohicanos* de Fenimore Cooper, con tradución de Xela Arias

1994

Nace o seu fillo Darío.

Gaña o premio de tradución Ramón Cabanillas, compartido con Darío X. Cabana, por *O derradeiro dos mohicanos*.



Coa versión ao galego de *O derradeiro dos mohicanos*, de Fenimore Cooper, Xela gañou o Premio de tradución Ramón Cabanillas.

1995

Cambio oficial de nome. A partir de agora o seu nome será Xela.

Pasa a formar parte do Consello de Redacción da Revista Galega de Tradución *Viceversa*.

1996

Licénciase en Filoloxía Hispánica, pola Universidade de Santiago de Compostela.

Edítase en Xerais de Galicia o seu libro *Darío a diario*, que dedica ao seu fillo.

1997

Obtén o Certificado de Aptitude Pedagóxica para o Bacharelato, pola Universidade de Santiago de Compostela, requisito necesario para dar clases en institutos.


1998

Traduce ao galego un poema de Valle Inclán, *Rosa hiperbólica*.


1999

Edítase por Xerais de Galicia, na colección Xabarín, *Drácula*, de Stoker, coa introdución e tradución ao galego de Xela Arias.

Traballa como profesora substituta de Lingua castelá e Literatura nos IES de Terra de Xallas, en Santa Comba (A Coruña), Paralaio, en Moaña (Pontevedra), Valle Inclán, de Pontevedra, Xelmirez II de Santiago e Valadares II, de Vigo



Drácula é un clásico dos libros de terror. Foi traducido por Xela e editado por Xerais en 1999.



O Primeiro destino de Xela como profesora de Lingua Castelá e Literatura foi no IES Terra de Xallas, en Santa Comba (A Coruña)

2000

Participa no programa Os Nossos Escritores, que organiza a Xunta de Galicia en diferentes localidades galegas: Vilanova de Arousa, Verín, A Rúa... É destinada como profesora de Lingua castelá e Literatura ao IES de Chapela, en Redondela (Pontevedra).

2001

Edicións Xerais de Galicia publica *Venus Negra*, de Ángela Carter, versionada ao galego por Xela e Xabier Muguerza.

No curso 2001-02 imparte clases da súa especialidade no IES A Sangriña da Guarda (Pontevedra).

2002


Durante o curso 2002-03 dá clases de Lingua Castelá e Literatura no IES Álvaro Cunqueiro, de Vigo. A Biblioteca Virtual, da Asociación de Tradutores Galegos publica *Relatos*, de Gloria Pampillo traducido por Xela Arias.

2003


Espiral Maior, da Coruña edita *Intempériome*, o que vai ser o último libro de poemas de Xela Arias.

En outubro é destinada ao IES Monte Carrasco, de Cangas (Pontevedra).


O un de novembro falece dun ataque ao corazón nun hospital de Vigo. Entérrase no cemiterio de Pereiró, en Vigo.



Venus Negra son unha serie de contos, traducidos por Xela ao galego e nos que Ángela Carter desmitifica as biografías de personaxes moi coñecidos.



Intempériome, con poemas divididos en tres bloques, publicouse seis meses antes do falecemento de Xela.



POESÍA

Denuncia do equilibrio, (1986), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Tigres coma cabalos, (1990), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Darío a diario, (1996), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Intempériome, (2003), Espiral Maior Poesía, A Coruña.

Poesía reunida (1982-2004), (2018), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.




PROSA

Contos eróticos/Elas. Varias autoras, (1990). Edicións Xerais de Galicia, Vigo

Non te amola!, (2021), Editorial Galaxia, Vigo.

ALGUNHAS TRADUCIÓNS

O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor, de Jorge Amado, (1986), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.



Contos ao teléfono, de Gianni Rodari, (1986), Editorial Juventud, Barcelona.

O bosque animado, de Wenceslao Fernández Flórez, (1987), Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, Vigo.

As bruxas, de Roald Dahl, (1989), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Dublineses, de Joyce, (1990), Edicións Xerais de Galicia, col. Grandes do noso tempo, Vigo.


Franka, de Kuijpers, (1989), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.


O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha, de Miguel de Cervantes, (1989), Xuntanza Editorial, A Coruña.

O derradeiro dos mohicanos, de Fenimore Cooper, (1993), Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, Vigo.

Drácula, de Stoker, (1999), Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, Vigo.

Venus Negra, de Ángela Carter, (2001), Edicións Xerais de Galicia, Vigo.





- Dicionario biográfico de Galicia I*, (2010-2011), Ir Indo Edicións.
- Mulleres destacadas de Galicia*, (1993), Alvarellos Iglesias, Enrique Alvarellos Editora.
- O desgarrado do tigre, o éxtase do cabalo*, (1990), Araguas, Vicente. Ed. Grial Galaxia, Vigo.
- Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. El Progreso.
- Xela Arias, quedas en nós*. (2004) Arias López, Valentín, Edicións Xerais de Galicia e AELG.
- Literatura galega da muller* (1991), Blanco, Carmen. Universitaria. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- Diccionario de escritores en lingua galega*, (1992), Fernández del Riego, F, Edicións do Castro, Sada (A Coruña)
- Palabra de muller*, (1992), Noia Campos, María Camino, Edicións Xerais de Galicia.
- Diccionario da Literatura Galega. Autores I*. (1995) Vilavedra, Dolores, Editorial Galaxia, Vigo.

